

Regulamento de creación, modificación e supresión de departamentos da USC

(Aprobado no Consello de Goberno de 29 de xullo de 2015)

Tanto a Lei 6/2001 de 21 de decembro, de universidades (LOU), como a súa modificación por Lei 4/2007, de 12 de abril, introduciron importantes cambios, tanto na composición dos departamentos como na súa regulación.

En particular, a Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (LOU), lista no seu artigo sete aos departamentos como unha das unidades estruturais das universidades públicas e establece no seu artigo nove o seguinte:

1. Os departamentos son as unidades de docencia e investigación encargadas de coordinar as ensinanzas de un ou varios ámbitos de coñecemento nun ou en varios centros, de acordo coa programación docente da universidade, de apoiar as actividades e iniciativas docentes e investigadoras do profesorado, e de exercer aquelas outras funcións que lle sexan determinadas polos estatutos.
2. A creación, modificación e supresión de departamentos correspóndelle á universidade, conforme os seus estatutos.

No artigo 13, a LOU inclúe entre os órganos de goberno e de representación das universidades os Consellos de departamento (órgano colexiado) e os Directores de departamento (órgano unipersoal), establecendo nos artigos 19 e 25, respectivamente, os atributos organizativos básicos dos mesmos.

Nesta materia, os cambios principais que introduciron a LOU e a súa reforma son a consideración como membros do Consello de departamento de todos os doutores membros del, así como a equiparación ao persoal de corpos docentes universitarios do «profesorado doutor con vinculación permanente á universidade».

Os artigos 48 e 49 e 103 a 109 dos Estatutos da USC regulan os departamentos, a súa estrutura e composición e os seus órganos de goberno e dirección. Os departamentos da Universidade de Santiago de Compostela son, segundo a definición funcional do artigo 48.1 dos seus Estatutos, «as unidades básicas encargadas da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio da investigación dun ou varios ámbitos do coñecemento que os integran».

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela dispoñen en relación á creación de departamentos o seguinte:



Art. 48:

(...1)

2. Os departamentos, tanto en Santiago como en Lugo, agruparán a todo o persoal docente e investigador pertencente a un ou a varios ámbitos afíns. O número de membros non poderá ser inferior a quince profesores con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo.

3. A creación, modificación, supresión e a determinación do nome dos departamentos corresponderalle ao Consello de Goberno, que elaborará a correspondente normativa e procedemento.

4. Esta normativa contemplará os requisitos de tipo académico e/ou xeográfico en virtude dos cales o Consello de Goberno poderá acordar crear seccións departamentais.

Ainda que, segundo o artigo 48.2 dos Estatutos, o número de profesores a tempo completo e vinculación permanente necesarios para a existencia dun departamento é de quince, considérase que os departamentos deben tender a contar con vinte ou máis profesores destas características para, deste xeito, garantir a súa pervivencia a medio prazo.

Por outra parte, o Claustro Universitario, na súa sesión do 26 de xuño de 2015, aprobou os Criterios Xerais para a creación, modificación e supresión de departamentos, segundo establece o artigo 78 ñ) dos Estatutos, no que se atribúe ao Claustro Universitario a competencia para«O establecemento dos criterios xerais que a Universidade de Santiago de Compostela deberá ter en conta para a creación, modificación e supresión de centros e departamentos e para a adscrición daqueles á Universidade», reiterando o artigo 81 a) a atribución ao Consello de Goberno polo artigo 48.3) da competencia de creación, modificación e supresión de departamentos e engadindo a de decidir a súa adscrición aos centros. Asimesmo o artigo 98 i) establece como unha das competencias das Xuntas de facultade ou escola«o informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación».

Tendo en conta a normativa citada, e no marco da planificación estratéxica e plurianual da Universidade 2015-2018, cómpre establecer un regulamento de creación, modificación e supresión de departamentos adaptado aos actuais Estatutos e acorde coas necesidades da USC.

En consecuencia, o Consello de Goberno da USC, na súa reunión de 29 de xullo de 2015,

ACORDA aprobar o presente:

Regulamento de Creación, Modificación e Supresión de Departamentos da USC

Artigo 1. Obxecto do regulamento



O presente Regulamento, ditado en execución do artigo 48 dos Estatutos da USC, relativo aos departamentos da USC, ten por obxecto establecer os atributos organizativos dos departamentos da USC, dispoñer os fundamentos da súa estrutura e das súas funcións, ordear os principios do seu goberno, e determinar as condicións e o procedemento para a creación, modificación ou supresión dos mesmos e das seccións departamentais.

Artigo 2. Da natureza e composición dos departamentos

1. Os departamentos da USC son as unidades básicas encargadas da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio da investigación dun ou varios ámbitos do coñecemento que os integran.
2. Os departamentos agruparán a todo o persoal docente e investigador pertencente a un ou varios ámbitos de coñecemento científico, técnico ou artístico afíns. Todo o profesorado dunha mesma área de coñecemento formará parte dun solo departamento.
3. Os departamentos deberán contar na súa composición con vinte ou máis profesores con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo.
4. De xeito excepcional este número pode reducirse respectando o mínimo de quince profesores con vinculación permanente e dedicación a tempo completo fixado nos Estatutos, tendo como criterio a agrupación coherente das áreas, a súa evolución a curto e medio prazo, así como outras circunstancias académicas que concorran.
5. Para a determinación do número de profesores con vinculación permanente e dedicación a tempo completo dun departamento deberá atenderse ao número de prazas dotadas orzamentariamente das seguintes categorías de profesorado:

- Profesor funcionario
- Profesor contratado doutor
- Profesor colaborador fixo

Asimismo, a estes efectos computarán ademais os profesores con contrato indefinido declarado por sentenza xudicial.

Artigo 3. Da denominación, sede e normas de funcionamento dos departamentos

1. A denominación do departamento será determinada polo Consello de Goberno.
2. Cada departamento terá a súa sede administrativa no centro que, previo informe do propio departamento e dos centros nos que imparta a súa docencia, lle asigne o Consello de Goberno.



3. Consonte o disposto no artigo 69.4 dos Estatutos, o Consello de departamento elaborará e aprobará un Regulamento de Réxime Interno que, de acordo co artigo 81.b) dos Estatutos, será ratificado polo Consello de Goberno.

4. O Regulamento de Réxime Interno do departamento regulará o seu funcionamento e recollerá aqueles outros extremos pertinentes dentro do seu ámbito de competencias, sen prexuízo do recoñecemento da capacidade das áreas que o integran para facer propostas nos temas que lles afecten e, de ser o caso, contemplará o funcionamento das seccións departamentais. Nos departamentos multiárea poderá haber un coordinador por área se así o desexan os membros da área.

5. O Regulamento de Réxime Interno do departamento poderá establecer unha comisión permanente e comisións delegadas do Consello de departamento, determinando as súas competencias e funcións.

Artigo 4. Funcións dos departamentos

Son funcións dos departamentos:

a) A programación, desenvolvemento e seguimento de:

- As ensinanzas asignadas ao ámbito ou ámbitos de coñecemento da súa competencia, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos emanados dos centros en que impartan a docencia.
- Os estudos de doutoramento adscritos aos departamentos.
- Os cursos de posgrao propio, de especialización e de formación continua.

b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.

c) O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do departamento.

d) A formación do persoal docente e investigador da Universidade.

e) A iniciativa ou, no seu defecto, o informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.

f) Calquera outra actividade encamiñada ao adecuado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

Artigo 5. Órganos Colexiados e Unipersoais dos departamentos



1. Os departamentos actuarán a través dos seguintes órganos de goberno e administración:

- a) Órgano Colexiado: o Consello de departamento.
- b) Órganos Unipersoais: o Director e o Secretario do departamento.

2. O Consello de departamento, presidido polo seu Director, é o órgano de goberno do mesmo, e actuará en pleno ou en comisións.

Artigo 6. Composición do Consello de departamento

1. O Consello de departamento estará composto por:

- a) Os doutores membros do departamento.
- b) Unha representación do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación, que non excederá do 10% do total de membros.
- c) Unha representación do estudantado do ámbito de docencia do departamento, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderalle ao estudantado de grao e master, e o 15% ao estudantado de doutoramento.
- d) Un representante do persoal de administración e servizos.

2. O Consello de departamento reunirse por iniciativa da dirección ou por pedimento dun terzo dos seus membros. Realizará, polo menos, tres sesións ordinarias durante o curso académico en período lectivo.

3. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro do Consello perderase ao cesar a vinculación co departamento, ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

Artigo 7. Funcións do Consello de departamento

Corresponderalle ao Consello de departamento:

- a) A elección do director e, de ser o caso, a proposta ao reitor da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello de departamento.
- b) A planificación docente das materias de que sexa responsable o departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49, alínea a), dos estatutos da USC.



- c) O apoio á actividade investigadora, nos termos establecidos no artigo 49, alínea b), dos estatutos da USC.
- d) A formulación das demandas de persoal docente e investigador, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- e) A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo departamento.
- f) A elaboración e aprobación do seu Regulamento de Réxime Interno.
- g) A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- h) A promoción do perfeccionamento da docencia.
- i) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos docentes universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente e os estatutos da USC.
- j) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudiantado.
- k) O informe dos proxectos de teses de doutoramento e a proposta das comisións xulgadoras delas, cando proceda.
- l) Calquera outra competencia que lle atribúan os estatutos da USC ou a lexislación vixente.

Artigo 8. Seccións departamentais

1. Cando un departamento imparta docencia nos dous campus de USC ou as circunstancias académicas así o aconsellen, poderanse crear Seccións departamentais dependentes dese departamento.
2. As Seccións departamentais deberán contar cun mínimo de 10 profesores con vinculación permanente, de acordo co establecido no artigo 2.3, e dedicación a tempo completo, e incluirán a todo o profesorado das áreas do departamento adscrito á Sección departamental que cumpra os requisitos que determinan a súa creación consonte o artigo 8.5.
3. As Seccións asumen unicamente as funcións relativas á coordinación da docencia e a investigación que, de entre as atribuídas ao Consello de departamento nos Estatutos da USC, lles outorgue no seu caso o Regulamento de Réxime Interno do departamento. As Seccións departamentais non terán a consideración de centro de imputación de gasto, nin as competencias de xestión económica ou administrativa que os Estatutos da USC atribúen aos departamentos.



A existencia de Seccións departamentais non exime da responsabilidade do departamento de atender a docencia da totalidade das materias que teña asignadas, nin da obriga do seu profesorado de participar na distribución do encargo lectivo global do mesmo.

4. A enumeración expresa das competencias delegadas polo Consello de departamento ás Seccións departamentais, o funcionamento das mesmas, os mecanismos para garantir a coordinación entre o departamento e a sección ou seccións, e a adecuada integración destas últimas no mesmo, inclúiranse no Regulamento de Réxime Interno do departamento.

5. A creación, modificación ou supresión das Seccións departamentais será aprobada polo Consello de Goberno, previo informe da COAP á vista da solicitude do departamento, e do informe da Xunta do centro afectado acompañante da solicitude. As propostas de creación de Seccións departamentais deberán estar motivadas, con expresión das causas que xustifican a súa existencia, e os termos da súa composición e funcionamento. Cando a sección deixe de cumprir os requirimentos establecidos no apartado anterior, a vicerreitoría competente en materia de Organización Académica poderá iniciar o trámite para a modificación ou supresión da mesma.

Artigo 9. Dirección do departamento

1. O director representa ao departamento, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. O director do departamento será elixido polo Consello de departamento de entre os seus membros que sexan profesores doutores con vinculación permanente á Universidade, e nomearao o reitor. O nomeamento comunicaráse ao Consello de Goberno e aos decanos e directores das facultades e escolas onde o departamento desenvolva as súas funcións docentes e investigadoras.

3. De non se poder levar a cabo a elección por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do reitor, encargarlle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor do departamento ou, no seu defecto, doutro departamento, que teña o título de doutor e vinculación permanente á Universidade. Rematado o curso académico, convocaranse novas eleccións.

4. En caso de ausencia ou enfermidade, o director será substituído, con carácter accidental, polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade que sexa profesor doutor con vinculación permanente á Universidade.

Artigo 10. Funcións da dirección do departamento

1. Son competencias da dirección do departamento:

a) A convocatoria e a presidencia do Consello de departamento.



- b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de departamento e a vixiancia do seu cumprimento.
 - c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de departamento, dos medios persoais e materiais de que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
 - d) A execución das previsións orzamentarias.
 - e) A proposta ao reitor do nomeamento de secretario do departamento.
2. As competencias da dirección do departamento esténdense a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do departamento que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 11. Secretaría do departamento

1. O secretario ou a secretaria do departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do departamento e, como tal, ten encomendadas a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do departamento.

Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o director, a lexislación vixente e os estatutos da USC.

2. O secretario será nomeado polo reitor, tras a proposta do director, entre o profesorado, os axudantes e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 do departamento.

3. O secretario cesará por decisión do reitor, logo de proposta da dirección do departamento ou por petición propia.

Artigo 12. Disposicións xerais para a creación, modificación e supresión de departamentos

1. A creación, modificación e supresión dos departamentos correspóndelle ao Consello de Goberno da USC, a proposta da COAP, previo informe dos departamentos e centros afectados.

2. Toda solicitude de creación, modificación ou supresión dun departamento deberá vir acompañada dunha memoria onde se faga constar a área ou áreas de coñecemento implicadas, os profesores afectados e as razóns científicas, académicas ou administrativas que a xustifiquen.

Artigo 13. Creación ou modificación de departamentos

1. Os departamentos poderán crearse sobre a base dunha área de coñecemento ou agrupar varias áreas.



2. A iniciativa de creación ou modificación dun departamento corresponderá a:

- a) A maioría do profesorado con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo establecido no artigo 2.3 dunha ou de cada unha das áreas de coñecemento.
- b) Os Centros onde imparte ou podería impartir docencia o departamento.
- c) Un ou varios departamentos.
- d) A vicerreitoría con competencias en Organización Académica.
- e) O Consello de Goberno.

3. Poderase crear un novo departamento pola fusión de dous ou mais departamentos existentes.

4. Asimesmo poderase crear un novo departamento por segregación dunha ou varias áreas doutro existente, sempre que o número de profesores con vinculación permanente e dedicación a tempo completo que quedan no departamento de orixe non sexa inferior a vinte, agás no suposto de que tales profesores se integren noutro departamento.

5. A modificación dun departamento xa existente poderá proceder da integración nel, ou da segregación del, dunha ou de varias áreas de coñecemento de acordo coas limitacións establecidas no parágrafo anterior.

Artigo 14. Supresión de departamentos

1. Un departamento incorrerá en causa de supresión cando o número de profesores con vinculación permanente e dedicación a tempo completo sexa inferior ao número mínimo establecido no artigo 2.3 deste regulamento ou, si ten recoñecida a condición de excepcionalidade consonte ao previsto no artigo 2.4, ao número de quince.

2. Cando un departamento incorra en causa de supresión, os seus membros disporán dun período de doce meses para presentar ante a vicerreitoría con competencia en materia de Organización Académica unha solicitude de fusión ou de integración noutros departamentos, ou de recoñecemento da condición de excepcionalidade consonte ao previsto no artigo 2.4. Si, transcorrido o período anterior, non se presentase a solicitude, o Consello de Goberno, a proposta da vicerreitoría competente en materia de Organización Académica, procederá á integración de oficio dos membros das áreas de coñecemento noutro ou noutros departamentos, previo informe dos posibles departamentos receptores.

3. A estes efectos, considérase fusión a integración de dous ou mais departamentos nun.

Considérase integración a incorporación dos membros dun departamento en outro preexistente.

4. A iniciativa de supresión dun departamento corresponderá a:



- a) A maioría do profesorado con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo dunha ou de cada unha das áreas de coñecemento.
- b) Os centros onde imparte ou podería impartir docencia o departamento.
- c) Un ou varios departamentos.
- d) A vicerreitoría con competencias en Organización Académica.
- e) O Consello de Goberno.

Artigo 15. Solicitud para a creación, modificación ou supresión de departamentos

1. A solicitude de creación, modificación ou supresión dun departamento dirixirase á vicerreitoría con competencia en materia de Organización Académica.

2. A memoria acompañante da solicitude de creación ou modificación dun departamento deberá conter necesariamente os seguintes extremos:

- As razóns que xustifiquen a creación ou modificación do departamento.
- A denominación proposta para o departamento e a súa sede.
- A relación da totalidade do Persoal Docente e Investigador que o compoñería, con indicación da súa área de coñecemento.
- A adscrición de prazas vacantes dotadas orzamentariamente.
- A relación de materias en cuxa docencia participan os membros do departamento.
- A adscrición dos grupos de investigación.
- A adscrición de representantes electos nos órganos colexiados que corresponda.
- A estrutura de goberno provisoria.
- A determinación da xestión económica e do reparto dos créditos orzamentarios.
- A adscrición do material inventariable e espazos ao departamento creado ou modificado.

3. A memoria da solicitude de supresión dun departamento deberá conter necesariamente os seguintes extremos relativos á integración das súa áreas noutros departamentos:

- As razóns que xustifiquen a supresión do departamento, e a elección do departamento ou, de ser o caso, departamentos receptores.



- A relación do Persoal Docente e Investigador do departamento cuxa supresión se solicita que se integrará no departamento ou departamentos receptores, con indicación da súa área de coñecemento.
- A adscrición de prazas vacantes dotadas orzamentariamente.
- A relación de materias en cuxa docencia participan os membros do departamento cuxa supresión se solicita.
- Os grupos de investigación adscritos ao departamento cuxa supresión se solicita e o departamento ou departamentos aos que se adscribirán.
- A adscrición de representantes electos nos órganos colexiados que corresponda.
- O reparto dos créditos orzamentarios do departamento cuxa supresión se solicita.
- O material inventariable e espazos do departamento cuxa supresión se solicita que se adscribirán ao departamento ou departamentos receptores.

4. Unha vez comprobado polo Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador que a solicitude reúne os requisitos necesarios, a vicerreitoría con competencia en materia de Organización Académica solicitará os informes ou documentos que considere acaídos para a toma de decisión, entre os que figurarán imperativamente os dos departamentos ou centros que puidesen resultar afectados pola solicitude.

Artigo 16. Resolución de creación, modificación ou supresión de departamentos

1. A vicerreitoría con competencia en materia de Organización Académica remitirá as propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos á COAP acompañada da documentación correspondente. A COAP emitirá informe ao respecto que elevará á consideración do Consello de Goberno para a súa aprobación, se procede.

2. Para os efectos da emisión do informe sobre a creación ou modificación de departamentos, a COAP terá en conta os seguintes criterios:

a) Razóns de especialización científica, técnica ou artística.

b) Agrupación no encargo docente dunha parte importante da docencia de grao e posgrao nas titulacións dun ou máis centros, contribuíndo así á coordinación docente.

c) Pertenza do profesorado a áreas de coñecemento que comparten a docencia ou manteñen vinculacións comúns en materias de grao en máis dun plano de estudos.

3. Para os efectos da emisión do informe sobre a supresión de departamentos, a COAP terá en conta os seguintes criterios:



- a) Motivación razoada da supresión.
 - b) Departamento ou departamentos aos que se adscribirán os membros do departamento suprimido, así como os grupos de investigación.
 - c) Xestión económica e adscrición dos créditos orzamentarios ao novo departamento ou departamentos nos que se integren os membros do departamento suprimido.
 - d) Supresión de cargos.
 - e) O destino que debe darse aos bens funxibles e non funxibles deste e o de calquera outro elemento susceptible de distribución, fraccionamento ou reparto.
4. O persoal de administración e servizos afectado pola modificación ou supresión de departamentos será, no seu caso, readscrito pola Xerencia da Universidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Referencias xenéricas

Todas as referencias a profesores, doutores, directores, etc., entenderanse como xenéricas sen identificación de sexo, polo que abranguen tanto o xénero feminino como o masculino.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Desenvolvemento normativo

A vicerreitoría con competencia en materia de Organización Académica ditará as instrucións oportunas para desenvolver ou aclarar calquera aspecto do presente regulamento que así o precise.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Os departamentos que na data de entrada en vigor deste acordo non acaden o número de profesores indicado no artigo 2.3, disporán dun período de tres meses para presentar ante a vicerreitoría con competencia na materia unha proposta de fusión ou integración noutros departamentos, ou unha solicitude de recoñecemento da condición de excepcionalidade consonte ao previsto no artigo 2.4. En todo caso, o proceso de fusión ou integración deberá estar rematado antes do 31 de decembro de 2015.

No caso de que, transcorrido o prazo indicado, seguisen sen cumprir os requisitos establecidos no artigo 2.3, a vicerreitoría propondrá ao Consello de Goberno a supresión do departamento de acordo co establecido no presente regulamento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Os directores dos departamentos que na data de entrada en vigor deste acordo non acaden o número de profesores indicado no artigo 2.3, e que rematen o seu mandato antes de ter finalizado o proceso de fusión ou integración do departamento con ou noutros



departamentos, poderán continuar desempeñando a dirección do departamento en funcións en tanto non remate a reestruturación do mesmo, durante o periodo determinado na Disposición Transitoria Primeira e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2015 como máximo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

Aos efectos da presente normativa, as áreas creadas pola USC en tanto se manteñan como tales terán o mesmo tratamento que as áreas nacionais.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

O presente acordo deroga a Normativa provisoria para a creación e supresión de departamentos, aprobada polo Consello de Goberno de 19 de xullo de 2007 e as demais normas que se opoñan ou contradigan o disposto no presente Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

